



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 21 DE MAIO DE 2015

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Iván Méndez García.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

Non asisten e se excusan:

PSdeG-PSOE:

D. José María Tojo Espiñeira.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 21 de maio de 2015, sendo as oito horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. EXPTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO SC 02/2015. INFORME DE ESTABILIDADE. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia suplemento de crédito SC 02/2015), pola necesidade de consignar o crédito correspondente á aportación municipal para proceder a executar o proxecto do “Paseo Municipal de DP 1004 a Igrexa de Lanzá (marxe esquerda)” para favorecer o tránsito dos veciños con seguridade, de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e visto o informe de Intervención en relación coa lexislación aplicable e o informe en relación coa estabilidade orzamentaria, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos, mediante suplemento de crédito SC 02/2015, no orzamento do Concello de Mesía para o ano 2015, por importe de 14.924,98€ na aplicación orzamentaria 1532.60900, financiado con baixa de créditos



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

de gastos da aplicación orzamentaria 453.61900 do presuposto vixente, non comprometida, e cúa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo.

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Denominación</i>	<i>Consignación inicial</i>	<i>Suplemento de crédito</i>	<i>Consignación final</i>
1532.60900	<i>Pavimentación de vías públicas. Outras inversións novas en infraestructuras e bens destinados ao uso xeral.</i>	1.992,87€	14.924,98€	16.917,85€

- *Financiación: Baixa por anulación de créditos de gastos*

<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Denominación</i>	<i>Crédito antes da modificación</i>	<i>Baixa para financiamento do suplemento de crédito</i>	<i>Crédito despois da modificación</i>
453.61900	<i>Actuacións de carácter económico. Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral</i>	39.995,74€	14.924,98€	25.070,76 €

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Mesía, 12 de maio de 2015. O ALCALDE Asdo. Mariano Iglesias Castro.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que, tal como se di na proposta, vaise suplementar crédito na partida correspondente para facer fronte á aportación municipal dunha subvención da Consellería de Presidencia para executar o proxecto do “Paseo Municipal de DP 1004 a Igrexa de Lanzá (marxe esquerda)”. Como saben vostedes, xa se acometeu a obra correspondente á marxe dereita.

Debe darse conta así mesmo de que, segundo se pon de manifesto no informe de intervención, esta modificación orzamentaria non afecta cumprese á estabilidade orzamentaria.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, aprobouse por unanimidade dos concelleiros presentes.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

2. EXPTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO CE 01/2015. INFORME DE ESTABILIDADE. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO

Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito (referencia Crédito extraordinario 01/2015), de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, pola necesidade de acometer o proxecto de “Sustitución de caldeira existente por unha de biomasa na Casa do Concello”, xa que a existente encóntrase en un estado moi deficiente, e visto o informe de Intervención en relación coa lexislación aplicable e en relación coa estabilidade orzamentaria, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito CE 01/2015, mediante crédito extraordinario, no orzamento do Concello de Mesía para o ano 2015, por importe de 10.856,00€, na aplicación orzamentaria 920.61900 (Administración xeral. Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral), financiado con baixa de créditos de gastos da aplicación orzamentaria 453.61900 (Infraestructuras. Outras inversiones de reposición) do presuposto vixente, non comprometida, e cuxa dotación se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo.

-Alta:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Consignación inicial	Suplemento de crédito	Consignación final
920.61900	Administración xeral. Outras inversións de reposición de infraestructuras e bens destinados ao uso xeral	0,00€	10.856,00€	10.856,00€

-Financiación: Baixa de créditos de gastos

Aplicación orzamentaria	Denominación	Crédito antes da modificación	Baixa para do financiamento do crédito extraordinario	Crédito despois da modificación
453.61900	Infraestructuras. Outras inversións de reposición.	25.070,76€	10.856,00	14.214,76€

Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Mesía, 13 de maio de 2015. O ALCALDE Asdo. Mariano Iglesias Castro.”



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que, tal como se di na proposta, vaise consignar crédito na partida correspondente para facer fronte á aportación municipal dunha subvención do Inega para acometer o proxecto de “Substitución de caldeira existente por unha de biomasa na Casa do Concello”, xa que a existente encóntrase en un estado moi deficiente.

Dáse conta así mesmo de que, segundo se pon de manifesto no informe de intervención, esta modificación orzamentaria non afecta cúmprese á estabilidade orzamentaria.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, aprobase por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as oito horas e corenta e cinco minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,